



GUÍA DIDÁCTICA

MARÍA E ANXO COMPARTEN

1. INTRODUCCIÓN

O Concello de Muros, elaborou este material destinado á sensibilización e información en Igualdade de Oportunidades dirixido ao alumnado de Educación Primaria.

A finalidade desta material, formado por nove píulas / obradoiros (3 por grupo de idade, primaria, ESO e bacharelato – xuventude), é facilitar ao profesorado, pais, nais, titores/as e aos propios mozos e mozas unha serie de propostas didácticas que faciliten unha mellor comprensión de distintos aspectos relacionados coa igualdade de oportunidades.

Nesta píula / obradoiro centrámonos primordialmente en, por un lado, repasar os contidos vistos ata o momento co fin de consolidalos e, por outro lado, trataremos a corresponsabilidade e a xestión emocional. Deste xeito, pártese dos conceptos traballados para que os/as nenos e nenas poidan integrar a aprendizaxe e coordinala e aplicala a esta última píula formativa.

Por outra banda, cando se traballan a corresponsabilidade e a xestión emocional, a finalidade é facer ao alumnado axente activo na súa contorna, onde actividades tan cotiás como as tarefas do fogar se transforman nun escenario perfecto onde ensinar e coeducar en igualdade. Así mesmo, tanto nas rutinas do día a día coma en momentos ou situacións máis concretas, a xestión emocional é primordial á hora de identificar, entender e xestionar as emocións propias e as dos/as outros/as, aspecto fundamental implicado nas relacións sociais e na súa natureza.

2. DESTINATARIOS/AS

O obradoiro está dirixido ao alumnado de 5º e 6º de Primaria (10 – 11 anos).

3. OBXECTIVOS

- Repasar os conceptos tratados anteriormente.
- Concienciar e facer partícipes sobre a importancia de colaborar no fogar, independentemente do xénero.
- Aprender a identificar, comprender e xestionar as emocións básicas.
- Fomentar a empatía.



4. CONTIDOS

- Repasar os estereotipos de xénero e a súa influencia nos diferentes ámbitos da vida (características físicas e persoais, deporte, xoguetes, tarefas domésticas...).
- A corresponsabilidade: a importancia de ser superheroes e superheroínas tamén na casa.
- Xestión emocional: identificar, entender e xestionar as emocións fomentando a empatía.

5. METODOLOXÍA

Inclúense 4 tipos de materiais neste obradoiro:

- Unha guía didáctica
- Presentación de contidos en PDF
- Vídeos
- Cuestionarios interactivos
- Material para publicacións en redes sociais

A secuencia de actividades desta guía obedece a unha orde lóxica da temática tratada; non obstante, pódense adaptar as actividades segundo os intereses e necesidades.

O contido pode ser autoadministrado polos nenos e nenas, aínda que debido á idade, recoméndase supervisión para o uso axeitado dos materiais. Poden acceder aos mesmos de maneira non secuencial, velos todos ou só en parte.

De concibirse como unha actividade que se realiza en familia, consideramos interesante seguir o guión da presentación (aínda que non é preciso empregar o documento xa que se pode facer de forma oral ou mediante vídeos seleccionados).

En grupos / clases (o ideal 10-15 participantes) o monitor/a debe favorecer a participación partindo das experiencias e coñecementos propios do alumnado.

O profesorado pode moderar as sesións, facilitar exemplos para familiarizar ao alumnado coas actividades, orientar na procura de solucións, modelar, actuar como guía, etc.

6. PLANIFICACIÓN

O contido, vídeos e actividades pódense ver de forma persoal nun tempo máximo de 15'. De realizarse en familia / grupo / clase a duración pódese adaptar perfectamente a unha sesión de 55' aínda que dependerá da profundidade que se queira dar e do nivel de interacción dos e das participantes, podendo ser necesarias dúas sesións.



7. ACTIVIDADES ADICIONAIS

Para realizar en grupo, propónse materializar a actividade amosada na presentación a través dun/dunha contacontos que faga de dinamizador/a da historia. Neste sentido, poden ser eles/as mesmos/as os/as que realicen o seu propio disfrace de superheroe ou superheroína e que elixan e apunten nun cartel os seus superpoderes.

Posteriormente, pódese falar das situacións que traballan a corresponsabilidade (lavar a roupa, sacar a mascota, cociñar...) de forma real, de xeito que os e as nenos/as se dividan en pequenos grupos e realicen a tarefa doméstica correspondente.

Para traballar a xestión emocional, pódese facer un role playing, no que un/unha neno/a represente cada unha das emocións, e outro/a sexa quen lle pregunte por que se atopa así e o/a console e anime.

Finalmente, pódese realizar unha piñata coa imaxe impresa de *Patriarcudus* e que todos/as os/as nenos e nenas lle dean ata que a rompan e saia algún tipo de reforzo positivo, empregando este exemplo para explicar a emoción de ledicia.

8. COMO AVALIALO

Nos contidos inclúíronse cuestionarios para ser autoadministrados. En grupo pódese avaliar segundo o nivel de participación e a comprensión dos contidos.

9. AMPLIAR INFORMACIÓN

- O contacontos orixinal que se adaptou e ampliou para esta pílula: <http://fundacionmujeres.es/img/Document/26410/documento.pdf>
- Para traballar as emocións: Anna Llenas (2012). *El monstruo de colores*. Flamboyant.
- Para traballar a corresponsabilidade: Instituto de Empleo, Desarrollo Socioeconómico y Tecnológico (IEDT). Diputación Provincial de Cádiz (2015). *Tanto monta...¿Monta tanto...siempre Isabel, a veces Fernando*. Cádiz.